



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA O COFINANCIAMENTO DAS AXUDAS JUAN DE LA CIERVA (convocatoria MINECO 2013 e 2014).

MEMORIA XUSTIFICATIVA (segundo modelo Anexo á Circular nº 1/2016, do 15 de febreiro, da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, pola que se ditan instrucións en materia de convenios para aplicación da lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno).

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades, **DECLARA:**

Que esta Secretaría xeral de Universidades da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CONSELLERÍA) ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVIGO) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONSELLERÍA, a UDC, a USC e a UVIGO, para executar accións destinadas a fomentar a captación do persoal de investigación cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador nas universidades galegas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar ten interese público xa que no mesmo concorren razóns que non fan necesaria a convocatoria pública da axuda, xa que a totalidade do persoal investigador contratado está polas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) que (no ámbito do Subprograma estatal de incorporación e do Subprograma estatal de formación, do Programa estatal de Promoción do talento y su empleabilidad) participaron na convocatoria pública correspondente ás axudas Juan de la Cierva-incorporación e Juan de la Cierva-formación (JC), concedidas en réxime de concorrència competitiva.

A actuación JC é un instrumento de arraigo dentro das políticas de incorporación dos recursos humanos ao sistema de I+D+I, que pode ser utilizado para a execución de actuacións que as comunidades autónomas adopten en base aos seus propios programas específicos, atendendo ao cumprimento dos obxectivos establecidos na Estratexia española de ciencia-tecnoloxía e de innovación con relación á articulación que debe de existir entre o programa estatal e os programas rexionais. Estas circunstancias xustifican a posibilidade de conveniar coas tres universidades para esta finalidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do Sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela a vinte e sete de setembro de dos mil dezaseis.

(asinado dixitalmente)

